



## Guía Docente

| Datos Identificativos |  |                    |                         |          | 2017/18 |
|-----------------------|--|--------------------|-------------------------|----------|---------|
| Asignatura (*)        | Literatura Galega  | Código             | 613G02012               |          |         |
| Titulación            | Grao en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios              |                    |                         |          |         |
| Descritores           |  |                    |                         |          |         |
| Ciclo                 | Período  | Curso              | Tipo                    | Créditos |         |
| Grao                  | Anual  | Segundo            | Obrigatoria             | 9        |         |
| Idioma                | Galego   |                    |                         |          |         |
| Modalidade docente    | Presencial   |                    |                         |          |         |
| Prerrequisitos        |  |                    |                         |          |         |
| Departamento          | Letras   |                    |                         |          |         |
| Coordinación          | Lopez Fernandez, Maria Teresa  | Correo electrónico | t.lopez@udc.es          |          |         |
| Profesorado           | Eirin García, Leticia  | Correo electrónico | leticia.eirin@udc.es    |          |         |
|                       | Lopez Fernandez, Maria Teresa  |                    | t.lopez@udc.es          |          |         |
|                       | Rivadulla Costa, Diego   |                    | diego.rivadulla@udc.es  |          |         |
|                       | Samartin López-Iglesias, Roberto   |                    | roberto.samartin@udc.es |          |         |
| Web                   | www.udc.es/filo  |                    |                         |          |         |
| Descrición xeral      | Estudo da literatura galega a través dos seus textos máis representativos. |                    |                         |          |         |

## Competencias / Resultados do título

| Código | Competencias / Resultados do título   |
|--------|---|
| A1     | Coñecer e aplicar os métodos e as técnicas de análise lingüística e literaria.  |
| A2     | Saber analizar e comentar textos e discursos literarios e non literarios utilizando apropiadamente as técnicas de análise textual.                                    |
| A4     | Ter un dominio instrumental avanzado oral e escrito da lingua galega.   |
| A7     | Coñecer as literaturas en lingua galega, española e inglesa.  |
| A11    | Ter capacidade para avaliar, analizar e sintetizar criticamente información especializada.  |
| A14    | Ser capaz para identificar problemas e temas de investigación no ámbito dos estudos lingüísticos e literarios e interrelacionar os distintos aspectos destes estudos. |
| A15    | Ser capaz de aplicar os coñecementos lingüísticos e literarios á práctica.  |
| A17    | Ter un coñecemento avanzado da literatura galega.   |
| B1     | Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información.  |
| B3     | Adquirir capacidade de autoformación.   |
| B4     | Ser capaz de comunicarse de maneira efectiva en calquera contorno.  |
| B5     | Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas.   |
| B6     | Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva.  |
| B7     | Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico.   |
| B8     | Apreciar a diversidade.   |
| B9     | Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.                         |
| B10    | Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán/á e profesional.   |

## Resultados da aprendizaxe

| Resultados de aprendizaxe   | Competencias / Resultados do título |    |  |
|---|-------------------------------------|----|--|
| Coñecer e aplicar as técnicas de análise literaria.   | A1                                  |    |  |
| Coñecer e manexar os principais recursos web e bibliográficos sobre a literatura galega nas súas diferentes etapas. |                                     | B1 |  |
| Realizar por escrito documentos científicos (recensións, comentarios, etc.)   | A11                                 | B7 |  |
| Ser capaz de pór en relación os coñecementos adquiridos nesta materia cos de outras de características similares.   |                                     | B5 |  |
| Coñecer as principais etapas da literatura galega, da Idade Media á contemporaneidade.                              | A7                                  |    |  |
|   | A17                                 |    |  |



|   |          |     |  |
|---|----------|-----|--|
| Ser capaz de aplicar os coñecementos literarios á práctica.   | A15      |     |  |
| Saber avaliar, analizar e sintetizar criticamente información relativa á literatura galega.   | A11      | B7  |  |
| Coñecer e aplicar as técnicas de análise literaria.   | A1<br>A2 | B3  |  |
| Ser capaz de realizar unha presentación oral sobre os contidos da materia.  | A4       | B4  |  |
| Saber analizar e comentar textos e discursos literarios e non literarios utilizando apropiadamente as técnicas de análise textual.                                  | A2       |     |  |
| Ser capaz de identificar problemas e temas de investigación no ámbito dos estudos lingüísticos e literarios e interrelacionar os distintos aspectos destes estudos. | A14      |     |  |
| Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva.  |          | B6  |  |
| Apreciar a diversidade.   |          | B8  |  |
| Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.                       |          | B9  |  |
| Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán/á e profesional.   |          | B10 |  |

| Contidos                                  |   |
|---|---|
| Temas                                     | Subtemas  |
| 1. A literatura galega                    | 1.1 Definición, caracterización, periodización. Cuestións metodolóxicas.  |
| 2. Literatura medieval galego-portuguesa. | 2.1 Lírica profana. Cantiga de amor. Cantiga de amigo. Cantiga de escarño e maldizer.<br>2.2 Lírica relixiosa. Cantigas de Santa María<br>2.3 A prosa medieval.   |
| 3. A literatura nos séculos XVI-XVIII.    | 3.1 O concepto &quot;Séculos Escuros&quot;. Unha ilustración galega?  |
| 4. O século XIX. O Rexurdimento.          | 4.1 Prerrexurdimento, rexurdimento, rexionalismo.<br>4.2 A poesía. Rosalía de Castro: Cantares Gallegos.<br>4.3 A poesía. Eduardo Pondal. Manuel Curros Enríquez.<br>4.4 A prosa e o teatro. Período Intersecular.  |
| 5. O século XX.                           | 5.1 As Irmandades da Fala. A renovación do sistema.<br>5.1.1 Grupo Nós. Vicente Risco. Ramón Otero Pedrayo. Afonso Daniel R. Castelao.<br>5.1.2 As Vangardas. Manuel Antonio.<br>5.2 A guerra civil. A literatura do exilio<br>5.2.1 Luís Seoane.<br>5.3 A recuperación da actividade literaria na posguerra.<br>5.3.1 A narrativa. Eduardo Blanco-Amor.<br>5.3.2 A poesía. Movementos e autores. Álvaro Cunqueiro.<br>5.4. De 1975 á actualidade. Diversificación xenérica.<br>5.4.1 A narrativa. Xosé Luís Méndez Ferrín.<br>5.4.2. A poesía.<br>5.4.3. O teatro. |

| Planificación                 |                           |   |                         |              |
|-------------------------------|---------------------------|---|-------------------------|--------------|
| Metodoloxías / probas         | Competencias / Resultados | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |
| Actividades iniciais          | B5                        | 1                                       | 0                       | 1            |
| Análise de fontes documentais | A1 A2 A4 B7 B1            | 11                                      | 11                      | 22           |
| Lecturas                      | A7 A11 A17 B10 B9         | 0                                       | 40                      | 40           |
| Prácticas a través de TIC     | B1 B3 B5 B6               | 1                                       | 1                       | 2            |
| Sesión maxistral              | A7 A11 B7                 | 30                                      | 21                      | 51           |
| Presentación oral             | A15 A4 B4 B7              | 10                                      | 10                      | 20           |



|                                       |                     |    |    |    |
|---------------------------------------|---------------------|----|----|----|
| Seminario                             | A11 A15 B4 B7       | 12 | 10 | 22 |
| Eventos científicos e/ou divulgativos | A11 A7 B3 B5 B8     | 2  | 2  | 4  |
| Traballos tutelados                   | A11 A14 B1 B3 B5 B6 | 2  | 20 | 22 |
| Proba mixta                           | A2 A7 A11           | 4  | 35 | 39 |
| Atención personalizada                |                     | 2  | 0  | 2  |

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías                          |   |
|---------------------------------------|---|
| Metodoloxías                          | Descrición  |
| Actividades iniciais                  | Exposición xeral do funcionamento da materia e realización de actividades prácticas para familiarizar o alumnado co funcionamento de bases de datos e repositorios dixitais, cos recursos bibliográficos, e coa metodoloxía das actividades avaliábeis. |
| Análise de fontes documentais         | Lectura, análise e comentario de códigos, textos e paratextos (xornalísticos, narrativos, poéticos, dramáticos, públicos, privados, correspondencia...).  |
| Lecturas                              | Realización das lecturas obrigadas que se indican no apartado 8 da guía, e dos textos críticos que indique o profesorado.   |
| Prácticas a través de TIC             | Prácticas en que se utilizarán de maneira case exclusiva os recursos en rede incluídos no apartado 8 da guía.   |
| Sesión maxistral                      | Sesións de traballo en que o profesorado expón os puntos principais dos contidos da materia, como punto de partida para o traballo posterior do alumnado.   |
| Presentación oral                     | Exposición na aula, necesariamente oral, aínda que poderá ser completada coa utilización de material audiovisual de apoio.  |
| Seminario                             | Traballo en grupos reducidos coa finalidade do estudo intensivo dun tema. Discusión, participación, elaboración de conclusións nas que se envolveren todos os participantes do seminario.   |
| Eventos científicos e/ou divulgativos | Asistencia e participación a eventos relacionados coa materia que se realicen na propia Facultade ou noutros lugares accesíbeis para o alumnado.  |
| Traballos tutelados                   | Realización por parte do alumnado dun traballo baixo a orientación e co seguimento do profesorado da materia. As características e condicións de realización do traballo explicaranse no inicio do curso e acordaranse co alumnado.                     |
| Proba mixta                           | Proba escrita de avaliación que combinará actividades de carácter ensaístico, de análise de fontes, preguntas tipo test, etc.   |

| Atención personalizada  |  |
|---|--|
| Metodoloxías  | Descrición   |
| Traballos tutelados<br>Seminario<br>Análise de fontes documentais | Durante as horas de atendimento do profesorado, o/a alumno/a recibirá toda a guía e axuda que precise para a realización dos seus traballos. |

| Avaliación          |                           |  |               |
|---------------------|---------------------------|--|---------------|
| Metodoloxías        | Competencias / Resultados | Descrición   | Cualificación |
| Traballos tutelados | A11 A14 B1 B3 B5 B6       | O traballo titorizado consistirá na redacción de unha entrada para a Galipedia ou na revisión doutra xa existente. O traballo será exposto oralmente na aula e a redacción definitiva será entregada unha semana despois da presentación oral.<br>Con carácter xeral o traballo realizarase en grupos de tres estudantes.<br>Instrucións específicas serán proporcionadas nas aulas e publicadas na plataforma moodle. | 20            |



|                                       |                 |  |    |
|---------------------------------------|-----------------|--|----|
| Seminario                             | A11 A15 B4 B7   | O traballo titorizado consistirá na redacción de unha entrada para a Galipedia ou na revisión doutra xa existente. O traballo será exposto oralmente na aula e a redacción definitiva será entregada unha semana despois da presentación oral.<br>Con carácter xeral o traballo realizarase en grupos de tres estudantes.<br>Instrucións específicas serán proporcionadas nas aulas e publicadas na plataforma moodle. | 20 |
| Eventos científicos e/ou divulgativos | A11 A7 B3 B5 B8 | Cada estudante deberá asistir a dous eventos (conferencias, mesas redondas, exposicións etc.) de entre os recomendados polo profesorado ao longo do curso académico.<br>Sobre cada evento deberá ser cumprimentada a ficha de valoración que estará dispoñible na plataforma moodle.   | 10 |
| Proba mixta                           | A2 A7 A11       | Proba escrita que combinará actividades de carácter ensaístico, de análise de fontes, preguntas tipo test... A través da proba mixta, avaliarase o seguimento das sesións maxistras, a realización das lecturas etc.<br>Esta proba será única mais realizarase en dúas partes: a primeira no mes de febreiro; a segunda, no mes de maio na data fixada oficialmente pola Facultade.                                    | 50 |

## Observacións avaliación

### 1. Requisitos para superar a materia

Para superar a materia, tanto na primeira como na segunda oportunidade, a cualificación mínima da proba escrita deberá ser de 4 puntos sobre 10. Tendo en conta esta condición, a cualificación final da materia responderá á aplicación das porcentaxes das actividades avaliábeis. Caso de a suma das cualificacións do conxunto superar o 5 mais sen obter o mínimo de 4 na proba escrita, farase constar como cualificación final 4,9.

### 2. Non presentado/a

Será considerado NON PRESENTADO/A quen non se presente a ningunha das partes da proba escrita.

Isto é, quen se presentar a calquera das probas escritas, terá a consideración de PRESENTADO/A.

### 3. Segunda oportunidade

O alumnado que non superar a materia na primeira oportunidade, terá unha segunda no mes de xullo. Nesta segunda oportunidade, deberán ser presentadas/realizadas as actividades non superadas ou non presentadas anteriormente, de acordo coas indicacións específicas que dará o profesorado.

O alumnado que acadase a cualificación de aprobado na ponderación das actividades mais non obtivese un 4 sobre 10 na proba mixta, só deberá realizar a proba mixta.

### 4. Dispensa académica

O/a estudante que teña concedida dispensa académica terá condicións especiais de avaliación:

1. Proba mixta (60%).

2. Traballo titorizado (25 %).

3. Seminario (15 %).

Para fixar as condicións específicas do traballo titorizado e do seminario e, no seu caso, as datas de entrega/realización de actividades o alumnado deberá pórse en contacto coa profesora Teresa López (t.lopez@udc.gal) antes do día 10 de outubro.

### 5. Alumnado de segunda matrícula e posteriores ou con incompatibilidade horaria por razóns laborais

O alumnado con estas características que non poida asistir ás aulas con regularidade deberá alertar sobre este feito a través dun correo electrónico a t.lopez@udc.gal antes do día 30 de setembro.

### 6. Convocatoria adiantada de decembro

Consistirá na realización dunha proba escrita (50% da cualificación) e dunha proba oral (50% da cualificación) que versará sobre as lecturas propias da materia.

## Fontes de información



|                                    |  |
|------------------------------------|--|
| <b>Bibliografía básica</b>         | Obras de lectura: Selección de textos medievais. Rosalía de Castro, Cantares gallegos. Afonso Daniel R. Castelao, Cousas. Ramón Otero Pedrayo, Contos do camiño e da rúa. Rafael Dieste, A fiestra valdeira. Luís Seoane, A soldadeira. Eduardo Blanco-Amor, A esmorga. Álvaro Cunqueiro, Herba aquí e acolá. Xosé Luís Méndez Ferrín, Amor de Artur e outros contos con Tagen Ata ao lonxe. Teresa Moure, Herba moura. Cando for preciso, o profesorado indicará cales son as edicións recomendadas para a lectura.   |
| <b>Bibliografía complementaria</b> | O profesorado da materia proporcionará unha listaxe de recursos bibliográficos específicos para os temas tratados nesta materia a través da plataforma virtual moodle. Como obras de consulta de carácter xeral, indícanse agora as seguintes: Carballo Calero, Ricardo, Historia da Literatura Galega Contemporánea, Galaxia, Vigo, 1981. Tarrío, Anxo, Literatura galega. Aportacións a unha historia crítica, Xerais, Vigo, 1997. Tarrío, Anxo (coord.), Galicia. Literatura (vols. XXXII-XXXIV), Hércules de edicións, A Coruña. Tato Fontaiña, Laura, Historia do teatro galego. Das orixes a 1936, A Nosa Terra, Vigo, 1999. Vilavedra, Dolores (coord.), Dicionario da Literatura Galega, Galaxia, Vigo, 1995-2000. Vilavedra, Dolores, Historia da Literatura Galega, Galaxia, Vigo, 1999. VV. AA., Historia da Literatura Galega, A Nosa Terra, Vigo, 1996, 5 vols. E os recursos en liña: Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura: <a href="http://www.poesiagalega.org">http://www.poesiagalega.org</a> Asociación de escritores en lingua galega, cun centro de recursos virtuais: <a href="http://www.aelg.org">http://www.aelg.org</a> Biblioteca virtual de prensa histórica: <a href="http://prensahistorica.mcu.es/es/estaticos/contenido.cmd?pagina=estaticos/presentacion">http://prensahistorica.mcu.es/es/estaticos/contenido.cmd?pagina=estaticos/presentacion</a> Biblioteca virtual galega da Universidade da Coruña: <a href="http://bvg.udc.es/index.jsp">http://bvg.udc.es/index.jsp</a> Centro Ramón Piñeiro: dicionario de termos literarios, base de datos da lírica profana galego-portuguesa, informes de literatura: <a href="http://www.cirp.es">http://www.cirp.es</a> Fundación Curros Enríquez: <a href="http://www.currosenriquez.es/">http://www.currosenriquez.es/</a> Fundación Rosalía: <a href="http://www.rosaliadecastro.org">http://www.rosaliadecastro.org</a> Galiciana. Biblioteca de Galicia: <a href="http://galiciana.bibliotecadegalicia.xunta.es/gl/estaticos/contenido.cmd?pagina=estaticos/presentacion">http://www.galiciana.bibliotecadegalicia.xunta.es/gl/estaticos/contenido.cmd?pagina=estaticos/presentacion</a> <a href="http://www.culturagalega.org/ig3">http://www.culturagalega.org/ig3</a> (portal da lingua do Consello da Cultura Galega) Mediateca do Consello da Cultura Galega: <a href="http://consellodacultura.org/mediateca/index.php">http://consellodacultura.org/mediateca/index.php</a> Plataforma open access de revistas científicas electrónicas españolas e latinoamericanas: <a href="http://www.erevistas.csic.es/directorio.php?idClas=6">http://www.erevistas.csic.es/directorio.php?idClas=6</a> Portal da Cantigas Medievais Galego-Portuguesas, Projeto Littera da Universidade de Lisboa: <a href="http://cantigas.fcsh.unl.pt">http://cantigas.fcsh.unl.pt</a> Real Academia Galega, hemeroteca e biblioteca virtual: <a href="http://academia.gal">http://academia.gal</a> Repositorio institucional da Universidade da Coruña: <a href="http://ruc.udc.es/dspace/Sección%20Letras%20Galegas%20da%20Biblioteca%20Virtual%20Miguel%20de%20Cervantes">http://ruc.udc.es/dspace/Sección Letras Galegas da Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes: http://www.cervantesvirtual.com/areas/letras?galegas?0/</a> |

## Recomendacións

**Materias que se recomenda ter cursado previamente**

**Materias que se recomenda cursar simultaneamente**

**Materias que continúan o temario**

## Observacións

&lt;p&gt;O/a estudante que precise falar co profesorado fóra do horario de atención establecido oficialmente, poderá concertar unha cita a través do correo electrónico, nos enderezos que figuran nesta guía. Para as comunicacións relativas á materia, o profesorado utilizará como canais preferentes, ademais da comunicación oral nas aulas, a plataforma moodle e o enderezo de correo electrónico institucional do alumnado.&lt;/p&gt;

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías